

DNA. NATALIA GONZÁLEZ BENÉITEZ, voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Ourense, e **D. XOSÉ LUIS SEARA FERNÁNDEZ**, voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Ourense, en base ao disposto no artigo 46.2 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local e no artigo 63 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa que poida resultar de aplicación,

EXPOÑEN:

Os servizos sociais do concello de Ourense están a día de hoxe nunha situación de incertidume. O actual equipo de goberno ameaza con efectuar múltiples recortes en medios humanos e materiais. Xa temos vivido neste concello períodos de salvaxe desmantelamento dos servizos sociais, no mandato 2015-2019. Estes servizos municipais son a peza chave para acadar unha sociedade igualitaria e deberían ser blindados independentemente de quen goberne.

As **Unidades Interdisciplinares de Intervención Social do Concello de Ourense (UNIS)** son a porta de acceso principal ao sistema de servizos sociais e creáronse co fin de garantir a universalidade de dito sistema e a proximidade aos usuarios e usuarias.

Estes centros contan na súa plantilla con **traballadores/as sociais, educadores/as sociais e persoal administrativo**, que realizan diariamente multitud de tarefas de enorme calado como, por exemplo: solicitudes de axuda a domicilio, atención e recoñecemento da dependencia, emerxencias sociais ou prestacións económicas. Así as cousas, as funcións principais das UNIS son:

- **Estudio e diagnose social da comunidade.**
- **Elaboración dun Plan de Intervención Comunitario segundo as necesidades detectadas no diagnóstico previo.**
- **Identificación de grupos de poboación vulnerables e detección precoz de situacíons de risco para poder prevelas.**
- **Atención individualizada e información das demandas presentadas polos usuarios e usuarias, diagnóstico e valoración técnica previa a intervención en cada caso concreto.**
- **Axuda para xestionar as prestacións económicas e seguimento dos proxectos personalizados de intervención.**
- **Xestión do servizo de axuda no fogar e participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia.**
- **Información, orientación e asesoramento a toda a poboación para que poida acceder aos recursos sociais.**
- **Fomento da participación activa da ciudadanía mediante estratexias socioeducativas que impulsen a solidaridade e a cooperación social organizada.**
- **Elaboración de informes técnicos que por normativa teñen que acompañar ás distintas solicitudes de numerosos servizos e axudas sociais.**

En Ourense contamos con 4 Unidades Interdisciplinares de Intervención Social:

- **UNIS Casco Vello.** Situada no interior do Centro Cívico Colón na rúa Colón. Anteriormente estaba situada na rúa Bispo Carrascosa e foi trasladada a finais de 2009 ao centro cívico.

- **UNIS Centro.** Situada na Rúa Bernardo González Cachamuíña esquina coa rúa Telleira. Foi creada e posta en marcha no ano **2011** polo anterior goberno progresista da cidade cun investimento total de máis de 500.000 €, presta atención a máis de 30.000 veciños e veciñas dos barrios das Lagoas, avenida Buenos Aires, A Rabaza, a Loña, Oira, Velle, Ceboliño e parte do centro da cidade. Anteriormente estaba ubicada na rúa Arcedianos e dende a súa inauguración converteuse na de máis volume potencial de usuarios e usuarias das 4 existentes, xunto coa da Ponte.
- **UNIS A Ponte.** Situada no Centro Cívico da Ponte na rúa Eulogio Gómez Franqueira. Está operativa dende **2011** nesta ubicación.
- **UNIS O Couto.** Situada na rúa Francisco de Moure (Praza do Couto). Posta en marcha tamén polo goberno do PSOE e o BNG nesta ubicación no ano **2010**. Preparada para dar cobertura a 23.500 veciños e veciñas dos barrios de O Couto, A Carballeira, Vistahermosa, Reza, Portocarreiro, Rabo de Galo, Salto do Can, Cabeza de Vaca, O Polvorín, Fonsillón e arredores.

Todas as UNIS coas que conta o Concello de Ourense foron creadas, ou no seu caso melloradas, baixo o mandato socialista 2007-2015, boa parte del compartido co BNG.

O pasado 26 de setembro, o rexidor anunciaba a través dun comunicado de prensa a súa intención de agrupar toda a área social do Concello de Ourense nunha soa sede que sería o edificio municipal da praza de San Martiño, ademais de trasladar Medio Ambiente á praza do Trigo, Contratación á antiga oficina do PERI e o resto ubicalo na Molinera.

Este anuncio viña a poñer de manifesto a súa intención de pechar as UNIS, entre outras cousas, e prescindir de boa parte do persoal da concellaría nun claro afán de poñer en marcha o rodillo do desmantelamento total dos servizos sociais municipais, despois de que Ourense non hai moito tempo fora o referente de toda Galicia en canto a políticas sociais.

Por este motivo consideramos que é fundamental ter en conta a normativa existente, a cal este anuncio incumpe e contravén, tal e como se recolle no **DECRETO 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.**

CAPÍTULO I. Disposicións Xerais.

2. Os servizos sociais comunitarios garanten:


b) A proximidade ás persoas usuarias e ás súas familias.

CAPÍTULO II. Dos dereitos e deberes das persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios.

Artigo 4. Dereitos das persoas usuarias.

No marco do establecido no artigo 6 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, as persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios terán dereito:

- a) A ser tratadas co respecto debido a súa dignidade, intimidade e autonomía.**
- b) A acceder e utilizar os servizos en condicións de igualdade e non discriminación.**
- g) Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.**



CAPÍTULO III. Dos servizos sociais comunitarios básicos

Sección 1.a. Disposicións xerais.

Artigo 7. Requisitos xerais dos centros de servizos sociais comunitarios básicos.

1. Sen perxuízo da súa adaptación funcional e arquitectónica ás características e planificación territorial de cada Concello, os centros de servizos sociais comunitarios básicos reunirán os seguintes requisitos xerais:

- a) Contarán cun espazo separado que permita a privacidade nas entrevistas e reunións necesarias para a intervención social individualizada.*
- b) Contarán cun espazo de reunións proporcionado ás características e dimensións da poboación atendida.*
- c) Asegurarán a posibilidade de atención de persoas con mobilidade reducida.*

Por outra banda, en agosto de **2021**, Gonzalo Pérez Jácome anunciaba un programa integral de avance social post COVID-19 para a contratación de traballadores/as sociais, educadores/as de familia e psicoloxía, entre outras especialidades. O obxecto era a incorporación como funcionarias interinas por un período de 3 anos a 12 traballadoras sociais, 4 educadores/as de familia e unha técnico/a da administración xeral, e 5 auxiliares administrativos.

A intención do programa, segundo o propio Jácome afirmou, era a de “potenciar a rede de servizos sociais como elemento básico para garantir o exercizo do conxunto dos dereitos sociais por parte da cidadanía”.

O certo é que na actualidade o Concello de Ourense conta cun total de 26 traballadoras sociais distribuídos non só nas UNIS senón noutras dependencias da propia concellería.

Nas últimas semanas vimos asistindo a diario a actitude do Alcalde, concelleiros e concelleiras do seu goberno e incluso persoal de confianza enviado por él mesmo, que se adican á vixianza, desprezo, presións e intimidación, saltándose todos os límites e dun xeito obsesivo, do funcionariado do Concello de Ourense, pero dun xeito especial dos traballadores e traballadoras da Concellería de Benestar Social.

Neste último asalto, o propio Jácome anunciou públicamente diante dos traballadores e traballadoras a súa Intención, antes de que remate o 2023, de poñer fin a ese programa integral de avance social post COVID-19 mediante o cal están a traballar agora mesmo 13 profesionais (a metade dos existentes no Concello), ademais de persoal doutras especialidades.

Finalmente, temos que poñer de manifesto a situación na que se atopan case 100 familias e 11 entidades sociais en Ourense ante a paralización e falta de diligencia do goberno no relativo á tramitación das axudas de libros e comedor escolar das persoas que quedaron en lista de agarda e que cumplían os requisitos e a concesión das subvencións anuais en tempo e forma para o seu axeitado funcionamento no presente ano.

A primeira semana de setembro lamentamos novamente que o goberno de Jácome non modifícase as bases -aprobadas polo PP e DO- para que as familias que o precisan puideran acceder ás axudas de comedor e libros do Concello de Ourense. E consideran que situar o umbral nos 3.700 euros por cabeza para ter dereito a unha bolsa deste tipo deixa fóra de toda opción a persoas en risco de exclusión social ou en situación de vulnerabilidade. Case 100 solicitudes quedaron en lista de agarda para poder acceder ás bolsas de comedor escolar, en 2022 aconteceu exactamente o mesmo con estas partidas de cartos públicos, o orzamento resultaba insuficiente para cubrir toda a demanda.

Esa mesma semana a xustificación do executivo local para desestimar a petición das axudas de 11 organizacións chave para o funcionamiento da sociedade ourensá apareceu recollida no Boletín Oficial da Provincia como "falta de crédito orzamentario". As entidades excluídas son:

- Asociación XARELA-Formación-Animación.
- Asociación de persoas con discapacidade de Ourense (ADO).
- Fundación NeuroBurgas.
- Asociación De Fibromialgia, Fatiga Crónica Y Sensibilidad Química Múltiple De Ourense (AF-FOU).
- ValoresC Innovation.
- Fundación Amigos de Galicia.
- Asociación Diabética Auria.
- ALCER Ourense.
- DISCAFIS-COGAMI.
- Asociación Xuvenil Amencer.
- Asociación ESGAIA INSERTA.

Despois de máis dun mes xa de que xurdira esta problemática, e de que o rexedor se comprometera a solucionala canto antes, non hai ningún tipo de nova ao respecto.

Por todo o exposto, o grupo municipal socialista e o grupo municipal nacionalista no Concello de Ourense **SOLICITAN:**

A convocatoria dun pleno de carácter extraordinario, xa que se cumple o requisito de estar apoiado por más da cuarta parte dos concelleiros da Corporación Municipal, cos seguintes puntos na ORDE DO DÍA:

1. **Esixir ao Goberno Municipal o mantemento das 4 Unidades Interdisciplinares de Intervención Social do Concello de Ourense** nos seus actuais emprazamentos e garantindo os recursos humanos necesarios para o seu funcionamento en cada un dos centros.
2. **Esixir ao Goberno Municipal que manteña e prorrogue o programa integral de avance social post COVID-19** pola súa importancia á hora de potenciar a rede de servizos sociais como elemento básico para garantir o exercizo do conxunto dos dereitos sociais por parte da ciudadanía.
3. **Esixir ao Goberno Municipal que traslade para a súa aprobación de maneira urgente no pleno da corporación unha proposta de modificación orzamentaria para aboar as subvencións que once entidades sociais deixaron de percibir tanto este como o ano pasado por falla de crédito na partida.**



4. Esixir ao Goberno Municipal que habilite todos os mecanismos económicos necesarios para que as case 100 familias que cumplen todos os requisitos para percibir as axudas escolares no inicio deste curso poidan dispoñer das mesmas á maior brevidade posible.
5. Instar ao Concello de Ourense a que se modifiquen as bases da convocatoria anual de axudas para libros e material escolar de cara ao vindeiro curso académico 2024/2025, incrementando a consignación orzamentaria municipal para as ditas axudas, optimizando o acceso ás mesmas e garantindo que todos os nenos e nenas que o soliciten e cumpran os requisitos poidan ter dereito ás mesmas en tempo e forma.

Asdo.:

Natalia González Benítez

Francisco Rodríguez Fernández

María Fernández Ojea

José Ángel Vázquez Barquero

Cristina Cruz Fernández

Alba Iglesias García

Xosé Luis Seara Fernández

Rhut Marina Reza Álvarez

Xosé Manuel Puga González

Erea Blanco Gallego

Ourense, 16 de outubro de 2023

EXCMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OURENSE